

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

PE 403A 2009/47-5

Ano	2010
Entidade	CONFRARÍA DE PESCADORES DE VIGO
Plan explotación⁽¹⁾	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE NAVALLA (<i>E. arcuatus</i>) E LONGUEIRÓN (<i>E. siliqua</i>)
Réxime⁽²⁾	LIBRE MARISQUEO-RECURSO ESPECÍFICO
Modalidade⁽³⁾	MERGULLO EN APNEA E CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE.

Especies	Navalla (<i>E. arcuatus</i>) e longueirón (<i>E. siliqua</i>)
Ambito do plan	De puntal da Serra á ponte de Rande
Subzonas de explotación	Zona A: puntal da Serra-punta de Priegue. Zona B: O Serral (Canido) ata ponte da ensenada de Bouzas Zona C: praia da Lagoa (A Guía)-punta Cubilló Zona D: punta Cubilló a praia de Cabanas (da ponte de Rande cara ao mar).

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/personas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores/habilitacións
-	8	13
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
-	-	-

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción		180										
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾ : xaneiro a decembro, cunha veda para o longueirón nos meses de maio e xuño, e para a navalla nos meses de febreiro e marzo.												
Modalidade⁽³⁾ : mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Topes de captura			
Especies	A pé	Embarcación/día	Mergullador enrolado e a bordo/día
Navalla		20 kg	10 kg
Longueirón		20 kg	10 kg

Arte ou técnica de extracción	Mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie
--------------------------------------	--

Puntos de control	Zona de traballo e lonxa de Canido e Vigo
Puntos de venda	Lonxa de Canido e Vigo

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Épocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D



Extracción semente para resembrar														
Zonas:														
Especies:														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
Sementeiras														
Zonas:														
Especies:														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
Traslados														
Zonas:														
Especies:														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
Rareos														
Zonas:														
Especies:														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
Limpezas e arados														
Zonas:														

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Ambito do plan: A zona E (dende Rande ata Santo Adrián) que en anos anteriores foi obxecto de inclusión en plans de explotación de distintas entidades, segundo as últimas mostraxes realizadas ten pouca superficie, ao facerse profunda con moita prontitude e aparecer zonas enlamadas moi preto da costa. A media de navallas atopadas é de 1,40ind/ m², sendo o 22,22% de talla ilegal, o que supón 1,09 ind/ m² de talla legal. A superficie explotable na zona de mostraxe é moi pequena polo que se exclúe a zona E como de traballo para este plan.

Solicítase a inclusión da praia da Manquiña nas inmediacións da Guía, pero dado que se descoñece a existencia dun banco de navalla nesta zona (non existen nin mostraxes nin datos diferenciados) non se inclúe no plan.

A **zona D** está dentro do ámbito da confraría de **Redondela**, existindo anos anteriores acordo entre as dúas entidades para a súa explotación. Na solicitude do plan non se inclúe dito acordo polo que antes de iniciarse a actividade nesta zona **deberán achegar documentación que acredite este acordo.**

Participantes: 8 embarcacións cun total de 13 cotas de captura.

Calendario: tendo en conta os días de actividade efectiva no plan, o número de días máximos é de 180, cunha veda cunha veda para o longueirón nos meses de maio e xuño, e para a navalla nos meses de febreiro e marzo.

Cota máxima de captura: á vista dos datos da CPUE dos últimos anos, cómpre manter o tope igual que o fixado para o ano 2009, tal e como se reflicte nesta ficha. Non se autoriza o incremento nun 10% da cota máxima captura.

Plan de control:

No caso particular do emprego de mergullo con subministro de aire dende superficie, e sempre que sexa aprobado o plan de seguridade pola Capitanía Marítima correspondente, considérase



necesario un maior esforzo no control da actividade para poder avaliar o emprego desta técnica na explotación dos bancos. Polo tanto, será necesario rotar as zonas de traballo, de xeito que tódolos mergulladores realicen a extracción na mesma zona, así como establecer un punto de control no banco sublitoral formado por unha embarcación e alomenos dúas persoas responsables. No punto de control recolleranse os datos necesarios para o seguimento da explotación, verificaranse os cupos de captura e tamaños de extracción, e o produto extraído será precintado emitíndose un ticket nominativo

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas, e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento do banco deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, seguindo as indicacións dos técnicos, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Actividade de mergullo:

Segundo o informe da sección de formación pesqueira emitido en data 09.11.2009 autorízase a realización das inmersións necesarias para a execución do plan sempre e cando sexa aprobado a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente, coas seguintes particularidades:

Coa primeira solicitude de apertura deberán presentar o plan de seguridade aprobado pola autoridade marítima correspondente.

Recomendacións para a mellora do plan.

- Realizar xunto co biólogo de zona a división da zona de traballo así como establecer un calendario que permita unha explotación rotatoria.